

**ACORDO ENTRE A XERENCIA E OS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN DO
PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS PARA O PAGAMENTO DE HORAS
EXTRAS Ó PERSOAL FUNCIONARIZADO E NON FUNCIONARIZADO NON
INCLUIDAS NO ACORDO DE FUNCIONARIZACIÓN**

Con data 01 de novembro de 2022 déuselle efectividade á funcionarización do Persoal Laboral que participou na 1ª convocatoria e superou o proceso previsto no Acordo de Funcionarización asinado entre a Xerencia e os órganos sindicais de representación do persoal.

Con data 31 de outubro de 2022 ditouse Instrución da Xerencia pola que se fixa o 01 de novembro a entrada e vigor e efectos plenos da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos, publicada no Diario Oficial de Galicia o 21 de decembro de 2021.

Así mesmo, no punto 5 do Acordo de Funcionarización dispónse o seguinte: *a totalidade das actuais listas de agarda para a provisión temporal das necesidades que se produzan nas diferentes categorías de PAS laboral transformaranse, a partir da publicación da nova RPT onde se cataloguen como postos de PAS funcionario, en listas de agarda das diferentes escalas e subescalas do PAS funcionario da Universidade de Vigo.*

Pola súa vez, a disposición transitoria segunda do propio Acordo establece o seguinte: *“Entrementres non se asinte un acordo marco sobre o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, ao persoal laboral que se funcionarice seralle de aplicación o establecido nos artigos Se23.5 e 31 do II convenio colectivo tendo a consideración de gratificacións extraordinarias as compensacións económicas percibidas, consonte co artigo 137 da LEPG”.*

Non obstante, nesta mencionada disposición transitoria non aparece recollido o persoal laboral que non puido funcionarizarse por mor de carecer da condición

de persoal laboral fixo, condición indispensable que esixía o acordo de funcionarización. Tampouco se recolle en ningunha disposición do Acordo de Funcionarización o criterio a aplicar para determinadas modalidades de prestación de servizos como as realizadas en períodos nocturnos, en sábados pola tarde, domingos ou días declarados festivos, características das categorías profesionais do persoal afectado polo acordo de funcionarización.

Como queira que o persoal referido no parágrafo anterior pode ser nomeado para a provisión temporal das necesidades de servizo que se produzan en diferentes escalas-subescalas de persoal funcionarizado ou atender con carácter temporal necesidades de servizo en fins de semana ou en períodos nocturnos como ocorre durante as aperturas excepcionais da biblioteca ou para outras necesidades deste carácter como poden ser as do mantemento do Animalario en períodos non lectivos, faise necesario a formalización dun acordo para determinar os criterios a aplicar ó procedemento do pagamento en concepto de gratificacións extraordinarias cando o persoal realice este tipo de prestacións excepcionais.

En virtude do anteriormente exposto, ACÓRDASE o seguinte:

PRIMEIRO.- Horas extras realizadas por persoal laboral fixo e persoal laboral temporal non funcionarizado.

Para o pagamento das horas extraordinarias a este tipo de persoal, independentemente dos días e da franxa horaria nas que a realicen, seguiranse aplicando os mesmos criterios previstos no II convenio colectivo de persoal laboral como se fixo ata a efectividade do acordo de funcionarización.

SEGUNDO.- Horas realizadas por persoal funcionarizado en virtude do acordo de funcionarización.

Para o pagamento das horas extraordinarios a este tipo de persoal seguiranse os criterios establecidos nos artigos 23.5 e 31 do II convenio colectivo de persoal laboral tal e como xa se recolle na disposición transitoria segunda do acordo de funcionarización.

Ademais, no caso de que este persoal realice prestacións de servizos en sábado tarde, domingos e declarados festivos tanto a nivel oficial como a nivel interno da UVigo, así como en réxime nocturno, aplicaráselle para o pagamento, ademais do criterio indicado no artigo 31, por analoxía os criterios recollidos no artigo 25.2 e 25.3 e canto ó computo do número de horas traballadas e plus de nocturnidade.

TERCEIRO.- Horas realizadas por persoal temporal nomeado con posterioridade á efectividade do acordo de funcionarización procedente das listas de agarda transformadas en listas persoal funcionario.

Para o pagamento das horas extraordinarios a este tipo de persoal seguiranse os criterios establecidos nos artigos 23.5 e 31 do II convenio colectivo de persoal laboral tal e como xa se recolle na disposición transitoria segunda do acordo de funcionarización.

Ademais, no caso de que este persoal realice prestacións de servizos en sábado tarde, domingos e declarados festivos tanto a nivel oficial como a nivel interno da UVigo, así como en réxime nocturno, aplicaráselle para o pagamento, ademais do criterio indicado no artigo 31, por analoxía os criterios recollidos no artigo 25.2 e 25.3 e canto ó computo do número de horas traballadas e plus de nocturnidade.

A Xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

(documento asinado dixitalmente)

O Presidente da Comisión Permanente de
Negociación do PAS

Xan Cebro Rodríguez

(documento asinado dixitalmente)